

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

### BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O VINTE E SEIS DE XULLO DE DOUS MIL DEZAOITO.

#### ASISTENTES:

##### Alcalde-Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

##### Concelleiro/as:

D. Pedro Amado Sanmartín.

Dna. Raquel Caruncho Corral.

D. José Simoes Couceiro.

Dna. Yolanda Vázquez Busto.

Dna. Silvia Fornos Permuy.

Dna. Marta Pico Machado.

Dna. María Carmen Piñeiro Varela.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte.

D. Andrés Pérez Pérez.

Dna. Ana María Veira García.

D. Jorge Serafín Allegue Freire.

*[Abandona a sesión sendo as 14h]*

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e nove minutos do día vinte e seis de xullo de dous mil dezaoto, xúntanse en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaría e Intervención Municipais.

##### Non asisten:

D. Francisco Javier Crespo Romeo.

##### Secretaría

D<sup>a</sup>. Ana Ramos Ramos.

##### Intervención

D<sup>a</sup> Lucía Varela Martínez

A Presidencia abre a sesión procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

#### **1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

##### **- SESIÓN ORDINARIA DE 28.06.2018.**

A Secretaría da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

##### **“PROPOSTA DE ACORDO**

#### **LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

##### **- SESIÓN ORDINARIA DE 28.06.2018.**

*(Expediente TEdC: 2018/G006/0000106)*

*Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia do borrador da acta correspondente á sesión:*

*- Ordinaria de 28.06.2018.*



Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**PRIMEIRO.** Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

- Ordinaria de 28.06.2018.

**SEGUNDO.-** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro en Pontedeume, a venres 20 de xullo de 2018”

Dende a Presidencia pregúntase se algún/ha membro ten algo que indicar ao respecto do borrador da acta da sesión que se somete a aprobación.

Non habendo intervencións, sométese o borrador da acta a aprobación, quedando **ADOPTADO** por **10 votos** a favor de D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy, Dna. Marta Pico Machado, Dna. María Carmen Piñeiro Varela D. Andrés Pérez Pérez e Dna. Ana María Veira García, e **2 abstencións** de Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Jorge Serafín Allegue Freire, por non estaren presentes na sesión cuxo borrador se somete a aprobación, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

- Ordinaria de 28.06.2018.

**SEGUNDO.-** Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

## **2.- ELECCIÓN DE XUÍZ/A DE PAZ SUBSTITUTO/A.**

A Secretaria da lectura ao Ditame da Comisión Informativa, que se transcribe a continuación:

**“DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO**

**SESIÓN: ORDINARIA DE DATA VENRES 20 DE XULLO DE 2018**

**EXPDTE: 2018/G012/000008**

**SESIÓN Nº: 29/2015-2019**

## **2.- ELECCIÓN DE XUÍZ/A DE PAZ SUBSTITUTO/A.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

**PROPOSTA DE DITAME Á COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO**

**Expediente núm.: 2018/G006/000102**

**Procedemento:** Elección de Xuíz/a de Paz Substituto/a.

Logo de ver o escrito do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, rexistro de entrada nº 2544 de 05.06.2018, polo que se comunica a este Concello a proximidade do vencemento do período, catro anos, polo que se nomeou xuíz de paz substituto deste municipio e se inicie, se así se acorda, novo expediente para elixir xuíz de paz substituto no prazo de tres meses, tal como establece o artigo 101.4 da Lei Orgánica 6/1985 de 1 de xullo do Poder Xudicial xa que, de non facelo, nomearase directamente pola Sala de Goberno do dito Tribunal

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Tendo en conta a providencia desta Alcaldía de data 11.07.2018 e asinada dixitalmente o 12.07.2018, e o Informe da Secretaría Xeral sobre o procedemento, de data 16.07.2018 sométese, a ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

**PRIMEIRO.**- Incoar o expediente para a elección de Xuíz/a de Paz Substituto/a no Concello de Ponte deume.

**SEGUNDO.**- Publicar un anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución do Partido ou Xulgado Decano e no propio Xulgado de Paz, así como na sede electrónica e na páxina web municipais, para xeral coñecemento e proceder á apertura dun prazo de 15 días hábiles para a presentación de candidaturas por parte das persoas interesadas no Rexistro Xeral do concello de Ponte deume por medio de instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente. O prazo comezará a contarse a partir do día seguinte ao da publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Ponte deume á data sinalada na marxe."

Non habendo intervencións, sométese a votación a proposta transcrita, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes."

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra Dña. Ascensión de Vicente Olarte concelleira do Grupo Municipal do Partido Popular quen indica que se trata dun trámite meramente administrativo polo que non teñen nada que dicir ao respecto.

De seguido, intervéñ Dña. Ana Veira García, portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, que se pronuncia no mesmo sentido da intervención precedente.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.**- Incoar o expediente para a elección de Xuíz/a de Paz Substituto/a no Concello de Ponte deume.

**SEGUNDO.**- Publicar un anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, no Xulgado de Primeira Instancia e Instrución do Partido ou Xulgado Decano e no propio Xulgado de Paz, así como na sede electrónica e na páxina web municipais, para xeral coñecemento e proceder á apertura dun prazo de 15 días hábiles para a presentación de candidaturas por parte das persoas interesadas no Rexistro Xeral do concello de Ponte deume por medio de instancia dirixida ao Sr. Alcalde-Presidente. O prazo comezará a contarse a partir do día seguinte ao da publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

### 3.- ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓNS E PRESCRICIÓNS POLAS QUE SE PODERÍA OUTORGAR A CONCESIÓN DE OCUPACION DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE DESTINADA A SANEAMENTO BAIXO PASEO MARITIMO, T.M



"PONTEDEUME", (A CORUÑA), PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I. (CLAVE: OH.315.1047).

A Secretaria da lectura ao Ditame da Comisión Informativa, que se transcribe a continuación:

**"DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO**

**SESIÓN: ORDINARIA DE DATA VENRES 20 DE XULLO DE 2018**

**EXPDTE: 2018/G012/000008**

**SESIÓN Nº: 29/2015-2019**

**3.- ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN E PRESCRICIÓN POLAS QUE SE PODERÍA OUTORGAR A CONCESIÓN DE OCUPACION DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE DESTINADA A SANEAMENTO BAIXO PASEO MARITIMO, T.M "PONTEDEUME", (A CORUÑA), PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I. (CLAVE: OH.315.1047).**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

**"PROPOSTA DE ACORDO**

**ACEPTACIÓN DAS CONDICIÓN E PRESCRICIÓN POLAS QUE SE PODERÍA OUTORGAR A CONCESIÓN DE OCUPACION DE DOMINIO PÚBLICO MARÍTIMO-TERRESTRE DESTINADA A SANEAMENTO BAIXO PASEO MARITIMO, T.M "PONTEDEUME", (A CORUÑA), PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE "MELLORAS NO SANEAMENTO EN CABANAS E PONTEDEUME. FASE I. (CLAVE: OH.315.1047)**

*Expediente 2018/G006/000101*

*Téndose recibido nesta entidade local, a través do Sistema de Interconexión de Rexistros (SIR), rexistro de entrada número 567 de 28.06.2018, copia da Resolución ditada pola Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar, con data 22 de maio de 2018, pola que se somete a aceptación do Concello de Pontedeume das concesión e prescrición polas que se podería outorgar a concesión de 499m2 de dominio público marítimo terrestre con destino a saneamento baixo paseo marítimo, T.M de Pontedeume, para a execución do proxecto de "Melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. FASE I. (CLAVE: OH.315.1047).*

*Logo de ver a proposta de "Prego de condicións xerais para concesións demaniais nas praias, zona marítimo-terrestre e mar territorial aprobado por Orde Ministerial de 8 de novembro de 1985, publicado no BOE de 19 de novembro de 1985, coas modificacións necesarias para a súa adaptación á Lei 22.1988, de 28 de xullo, de Costas, informado favorablemente polo Servizo Xurídico con data 2 de xuño de 1989" que acompaña á dita Resolución e que obra no expediente.*

*Esta Alcaldía, formula para o seu ditame pola Comisión Informativa a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO:***

**PRIMEIRO.-** *Aceptar as condicións e prescrición do "Prego de condicións xerais para concesións demaniais nas praias, zona marítimo-terrestre e mar territorial aprobado por Orde Ministerial de 8 de novembro de 1985, publicado no BOE de 19 de novembro de 1985, coas modificacións necesarias para a súa adaptación á Lei 22.1988, de 28 de xullo, de Costas, informado favorablemente polo Servizo Xurídico con data 2 de xuño de 1989" proposto pola*

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*Subdirección General de Dominio Público Marítimo-Terrestre, Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar de la Secretaría de Estado de Medio Ambiente del Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente, polas que se podería outorgar a concesión de 499m2 de dominio público marítimo terrestre con destino a saneamento baixo paseo marítimo, T.M de Ponte deume, para a execución do proxecto de "Melloras no saneamento en Cabanas e Ponte deume. FASE I. (CLAVE: OH.315.1047).*

**SEGUNDO.-** *Dar traslado do presente acordo á Demarcación de Costas de Galicia aos efectos de continuar co procedemento de concesión.*

*Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Ponte deume a 17 de xullo de 2018."*

Non habendo intervencións, sométese a votación a proposta transcrita, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos **por 4 votos a favor** dos/as concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSdG-PSOE: D.Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dna. Silvia Fornos Permuy, Dna. Marta Pico Machado e **3 abstencións** do resto dos señores e señoras concelleiros/as do Grupo Municipal do PP (2): D. Francisco Javier Crespo Romeo e Dna. Ascensión María de Vicente Olarte, e do Grupo Municipal do BNG-AA(1): Dna. Ana Veira García."

A Presidencia abre a quenda para o debate. D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que, tal e como se ten explicado, existe un proxecto aprobado, xa en licitación, pola da Consellaría de Medio Ambiente para a construción dun colector de saneamento que vai dende Esteiro ata Sopazos e evitar as filtracións de auga mariña e verquidos da rede de saneamento no estuario do eume. Parte do paseo marítimo é titularidade de Costas, polo que a autorización do dito organismo é preceptiva e que se trata dun trámite máis para poder executar a actuación e que xa se ten tratado e acordado coa Demarcación.

Toma a palabra Dna. Ascensión de Vicente Olarte, concelleira do Partido Popular quen pregunta, logo de que xa se tiveran aclarado algunhas cuestións na Comisión Informativa, se se ten falado coas persoas afectadas.

D. Bernardo Fenández Piñeiro indica que neste caso non se ven afectados particulares xa que a titularidade do paseo marítimo é da Demarcación de Costas e recorda que sobre os bens que afectaban a particulares, na zona de Sopazos, se ten iniciado o expediente de expropiación sobre dúas propiedades.

De seguido intervén Dna. Ana Veira García, portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego quen anuncia o voto favorable do seu grupo á proposta de acordo tratándose dun trámite preceptivo tal e como se indicou na Comisión, se ben quere deixar constancia que dende o seu grupo están en desacordo coas fórmulas que se impoñen dende os distintos organismos, como así se reflexa nunha moción que se debatirá no presente pleno, na que piden que se modifiquen estas normativas xa que non están dacordo con que existan e que son os Concellos que teñen unha parte marítima, de uso público, son os que teñen que ter a titularidade e non pagar as taxas cada seis meses. Conclúe a súa intervención indicando que se trata dun voto a favor, pero sendo preciso, non están dacordo.

A Presidencia, indicando que comparte parte do discurso anterior, pecha o debate. Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:



**PRIMEIRO.-** Aceptar as condicións e prescricións do “Prego de condicións xerais para concesións demaniais nas praias, zona marítimo-terrestre e mar territorial aprobado por Orde Ministerial de 8 de novembro de 1985, publicado no BOE de 19 de novembro de 1985, coas modificacións necesarias para a súa adaptación á Lei 22.1988, de 28 de xullo, de Costas, informado favorablemente polo Servizo Xurídico con data 2 de xuño de 1989” proposto pola Subdirección General de Dominio Público Marítimo-Terrestre, Dirección General de Sostenibilidade de la Costa y del Mar de la Secretaría de Estado de Medio Ambiente del Ministerio de Agricultura y Pesca, Alimentación y Medio Ambiente, polas que se podería outorgar a concesión de 499m2 de dominio público marítimo terrestre con destino a saneamento baixo paseo marítimo, T.M de Pontedeume, para a execución do proxecto de “Melloras no saneamento en Cabanas e Pontedeume. FASE I. (CLAVE: OH.315.1047).

**SEGUNDO.-** Dar traslado do presente acordo á Demarcación de Costas de Galicia aos efectos de continuar co procedemento de concesión.

#### **4.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 16/2018.**

A Secretaria da lectura ao Ditame da Comisión Informativa, que se transcribe a continuación:

**"DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA.**

**SESIÓN: ORDINARIA DE DATA VENRES 20 DE XULLO DE 2018**

**EXPDTE: 2018/G012/000009**

**SESIÓN Nº: 30/2015-2019**

#### **2.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 16/2018.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

**“PROPOSTA DE ACORDO**

**EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 16/2018.**

**(Expediente TEdC: 2018/G006/000103)**

*De conformidade co previsto nos artigos 82 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, en relación co expediente TEdC número 2018/X999/000078, respecto da modificación de crédito número 16/2018 na modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito, co fin de incluílo na Orde do Día da próxima sesión plenaria que se convoque,*

*Visto o expediente tramitado que consta de Providencia da Alcaldía, Memoria da Alcaldía e os informes de Intervención de referencia 113 e 114/2018, así como os informes técnicos emitidos polo aparelador municipal respecto dos investimentos que se prevén financiar con esta modificación de crédito,*

*Visto que da liquidación do orzamento de 2017, aprobada mediante Resolución da Alcaldía número 186/2018, de 23/04/2018 resulta un superávit orzamentario de 826.020,02 euros, un remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado de 228.752,41 euros e para gastos xerais de 1.177.912,62 euros*

*Visto que o destino do dito remanente vén regulado no artigo 32 da Lei orgánica 2/2012 de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira (LOEOSF), e na Disposición adicional sexta da dita norma, que regula as Regras especiais para o destino do superávit orzamentario,*

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Visto que a definición do que se entende por investimento financeiramente sostible vén regulada na disposición adicional decimosexta do Real decreto legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFL),

E visto que a anterior lexislación vén prorrogada e modificada polo Real Decreto Lei 1/2018, polo que se prorroga para 2018 o destino do superávit das corporacións locais para investimentos financeiramente sostibles e se modifica o ámbito obxectivo dos mesmos,

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA** para o seu **DITAME** pola Comisión Informativa:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 16/2018 na modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito, por importe total de total de 185.109,65 euros, para realizar investimentos financeiramente sostibles, de acordo co seguinte:

- Crédito extraordinario, por importe de 46.120,39 euros para atender á achega municipal da obra que se indica financiado co Remanente de tesourería para gastos xerais e cuxo desglose quedaría como segue:

Aplicación Orz.	Proxecto de gasto	Denominación	Importe	Subconcepto
933.63200	2018/4/LK/4/1	Reforma interior e mellora accesibilidade centro social en Vizús	46.120,39	87000

- Suplemento de crédito por importe de 138.989,26 euros financiado co Remanente de tesourería para gastos xerais e cuxo desglose quedaría como segue:

Aplicación Orz.	Proxecto de gasto	Denominación	Importe	Subconcepto
1532.61900	2018/4/LK/5/1	Reparacións rúas As Corredoiras e Firrete	15.236,66	87000
342.60900	2018/4/LK/6/1	Pistas de pádel e baloncesto 3x3	100.793	87000
453.61900	2018/4/LK/7/1	Mellora estrada que comunica a N-651 co Camiño Vello	22.959,60	87000

**SEGUNDO:** Expor este expediente ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Ponte deume a 17 de xullo de 2018."



Non habendo intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **4 votos a favor** dos representantes do Grupo Municipal do PsdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dna. Silvia Fornos Permuy e Dna. Marta Pico Machado e **3 abstencións** do resto dos señores concelleiros e concelleiras, do PP (2): Dna. Mª Carmen Piñeiro Varela e D. Andrés Pérez Pérez, e do BNG-AA(1): Dna. Ana Veira García.”

A Presidencia abre a quenda para o debate, dando conta do expediente da liquidación do orzamento de 2017 e do superávit que, este ano, logo de que se levantara a prohibición por parte do Ministerio de Facenda, se permite aos Concellos que non teñan débedas, adicalo a investimento. Fai referencia ao expediente de modificación tramitado nun pleno anterior para pasar a dar conta as actuacións recollidas na proposta que se somete a adopción de acordo.

De seguido, toma a palabra D. Andrés Pérez Pérez, concelleiro do Partido Popular, quen fai referencia a esta posibilidade de uso de remanentes que o goberno anterior non tivo e que coa tramitación deste expediente, a capacidade de financiamento do Concello quedaría a cero. Fai alusión á presentación do segundo trimestre, cuxo prazo remata o 31 de xullo, pregunta se está presentado, e cal é a resposta dese informe.

A Sra. Interventora indica que non está remitido e que non pode avanzar nada do seu contido.

Concluída a intervención anterior, toma a palabra Dna. Ana Veira García, portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego quen indica que xa se ten falado destas e outras obras precisas e necesarias e anuncia o voto favorable do seu grupo. Fai referencia á necesidade de propostas para novos investimentos e di que non lle parece mal o endebedamento sempre e cando fora un investimento para o municipio e tendo en conta as achegas que se fan dende outras administracións.

Continúa a súa intervención indicando que, pensando que isto é o que se ten que facer, quere facer un punto e aparte e facer un recordatorio ao equipo de goberno en tanto que considera que, se está ben que se publicite todo o que se quere facer pero que considera que tería que gardar as formas, en relación a que se teñen publicitado as actuacións dous días antes do pleno, presupoñendo o que se vai acordar e que por tanto, considera que está a ningunear ao órgano facendo uso da maioría absoluta, polo que entende mais ético o anuncio logo da celebración do Pleno, por respecto, que se lle supón a un goberno municipal. Conclúe a súa intervención dicindo que está dacordo co instrumento de aprobación do expediente.

De seguido, dende a Presidencia, D. Bernardo Fernández Piñeiro fai referencia á modificación de crédito como único sistema para aproveitar o remanente, indica que, tal e como explicou a interventora, se está dentro do prazo para a remisión do informe e que a capacidade de investimento é unha estimación ao peche, polo que hai que ver os ingresos dos trimestres e é cando se ve se se pode utilizar ou non. No que respecta á publicidade das actuacións, indica que a nota fai referencia aos asuntos tramitados pola Comisión Informativa e non do do Pleno.

Dna. Ana Veira García di que lle gusta que as cousas revirtan na cidadanía e que, sendo lícito non ten por que gustarlle que se mande unha nota da Comisión Informativa e logo do Pleno xa que canto mais aparezan na prensa mellor. Indica que non di que sexa ilegal se non que non lle parece ético e non comparte a forma de actuación.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 16/2018 na modalidade de crédito extraordinario e suplemento de crédito, por importe total de total de 185.109,65 euros, para realizar investimentos financeiramente sostibles, de acordo co seguinte:

- Crédito extraordinario, por importe de 46.120,39 euros para atender á achega municipal da obra que se indica financiado co Remanente de tesourería para gastos xerais e cuxo desglose quedaría como segue:



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Aplicación Orz.	Proxecto de gasto	Denominación	Importe	Subconcepto
933.63200	2018/4/LK/4/1	Reforma interior e mellora accesibilidade centro social en Vizús	46.120,39	87000

- Suplemento de crédito por importe de 138.989,26 euros financiado co Remanente de tesourería para gastos xerais e cuxo desglose quedaría como segue:

Aplicación Orz.	Proxecto de gasto	Denominación	Importe	Subconcepto
1532.61900	2018/4/LK/5/1	Reparacións rúas As Corredoiras e Firrete	15.236,66	87000
342.60900	2018/4/LK/6/1	Pistas de pádel e baloncesto 3x3	100.793	87000
453.61900	2018/4/LK/7/1	Mellora estrada que comunica a N-651 co Camiño Vello	22.959,60	87000

**SEGUNDO:** Expor este expediente ao público mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, por quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

### 5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO-ASEMBLEAS ABERTAS (BNG) RELATIVA Á MODIFICACIÓN DA LEI DE PORTOS DE GALIZA.

A Presidencia da a palabra á Sra. Portavoz do Grupo Municipal do BNG, Dña. Ana Veira García, que da lectura ao texto da moción, que de seguido se transcribe:

#### “EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza conta cunha gran cantidade de portos e instalacións portuarias, e ten a densidade portuaria máis alta da península ibérica, que fan que o sector portuario galego sexa un sector estratéxico cun gran potencial e que até agora, desde que en 1981 o Estatuto contemplara a competencia exclusiva no sector e deixando a un lado de maneira aberrante aos portos de interese xeral, non foi aproveitada.

A pesares destas características, o sistema portuario galego non foi regulado por unha lei específica até que o ano pasado aprobouse a Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galiza. Despois de terse feito agardar tantos anos, resultou decepcionante, pois non respondeu nin as expectativas nin as necesidades deste sector estratéxico, e ademais estase a demostrar prexudicial para o futuro do sector portuario galego.

Esta lei, destaca polo seu claro afán recadatorio e por terse realizado de costas ás entidades locais. Son moitos os concellos que na actualidade están a expresar o seu malestar polas abusivas tarifas que Portos de Galiza está a cobrar pola realización de actividades no espazo público portuario, que, ao cabo e na maioría dos casos é un espazo totalmente integrado no espazo urbano do concello e son as propias entidades locais as que se encargan do mantemento do espazo, da recollida do lixo, etc. Neses espazos realízanse múltiples



actividades plenamente inseridas na dinámica social local, como festas, eventos deportivos ou mercados que deben pagar unhas abusivas taxas a Portos de Galiza para poder realizarse.

A meirande parte delas realízanse en espazos urbanos que, a pesares de estar baixo a xestión de Portos de Galiza, nada teñen que ver coa actividade portuaria. Así, existen espazos como alamedas ou paseos plenamente integrados no entramado urbano local, e que, principalmente debido a recheos, forman parte de Portos de Galiza sen que exista unha razón

destes espazos debería ser transferida aos concellos.

De cara a paliar a nula participación dos concellos nas decisións relativas ás materias que resulten de relevancia tanto para o concello como para Portos de Galiza, propoñemos a creación do Órgano de Coordinación Portuario Municipal, onde estarán representados tanto o goberno local como Portos de Galiza. Este órgano sería o encargado de articular as relacións entre a administración portuaria e as administracións municipais cuxos municipios dispoñan de porto, mediante a toma de decisións conxunta nas materias que resulten de relevancia para ambas administracións.

Por último a citada lei contempla un abusivo réxime de prohibicións e sancionador que cremos necesario modificar, en especial no referido ao baño e a pesca, actividades que deberían quedar eximidas destes citados réximes. Consideramos que a pesca deportiva debería quedar excluída da prohibición que rexe sobre o desenvolvemento de actividades marisqueiras e pesqueiras nas augas interiores do porto constitutivas da denominada "zona I".

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

### **ACORDO**

O pleno do Concello insta á Xunta de Galiza a realizar as modificacións legislativas oportunas de xeito que:

1. As autorizacións para instalacións de lecer e similares propostas polas entidades locais e entidades sen ánimo de lucro, non lles será de aplicación os artigos 59, 60, 61, 62, 63 e 64 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galiza, de xeito que ditas entidades queden exentas do pago das taxas pola realización de actividades no denominado dominio publico portuario tanto a administracións locais como a entidades sen ánimo de lucro.
2. Se cree o Órgano de Coordinación Portuario Municipal como instrumento de participación institucional e social en materia de portos, onde estarán representados tanto o goberno local como Portos de Galiza.
3. Se leve a cabo un procedemento entre Concellos e Portos de Galiza -previa solicitude do concello interesado- co obxecto de transferir a titularidade aos Concellos dos espazos de dominio público portuario que estean integrados nos cascos urbanos das vilas e cidades e que non teñan uso portuario.
4. Se modifique o réxime sancionador contemplado na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galiza, de cara a reducir as abusivas sancións que esta contempla, e nomeadamente suprimir do réxime sancionador as actividades de bañarse ou mergullarse nas augas interiores do porto e pescar desde os peiraos ou con calquera tipo de arte nas dársenas e augas portuarias, cando iso non estea expresamente autorizado.
5. Se exclúa á pesca deportiva da prohibición que rexe sobre o desenvolvemento de actividades marisqueiras e pesqueiras nas augas interiores do porto constitutivas da denominada "zona I".

Durante a lectura, a Sra. Veira García indica que lle falta unha liña e que se engade ao texto orixinal, conforme ao seguinte:

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Onde di:

*“A meirande parte delas realízanse en espazos urbanos que, a pesares de estar baixo a xestión de Portos de Galiza, nada teñen que ver coa actividade portuaria. Así, existen espazos como alamedas ou paseos plenamente integrados no entramado urbano local, e que, principalmente debido a recheos, forman parte de Portos de Galiza sen que exista unha razón destes espazos debería ser transferida aos concellos”*

Debe dicir:

“A meirande parte delas realízanse en espazos urbanos que, a pesares de estar baixo a xestión de Portos de Galiza, nada teñen que ver coa actividade portuaria. Así, existen espazos como alamedas ou paseos plenamente integrados no entramado urbano local, e que, principalmente debido a recheos, forman parte de Portos de Galiza sen que exista unha razón obxectiva para que así sexa, xa que logo consideramos, que a titularidade destes espazos debería ser transferida aos concellos”

Concluída a lectura, a portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego fai referencia aos gastos que lle supón ao Concellos e que se pagan todos os semestres polo paseo marítimo e campo de fútbol, así como pola realización de actividades en zona portuaria. Di que lle parece aberrante e chamativo que se teña que facer o mantemento da infraestrutura e pagar un alugueiro de por vida. Fai referencia ás multas e ás infraccións ás que fai referencia o punto cuarto da proposta de acordo, que considera que impiden a posibilidade á cidadanía de disfrutar destes espazos.

De seguido, toma a palabra Dna. Ascensión de Vicente Olarte, concelleira do Partido Popular quen di que lle gustaría matizar o que di o BNG na moción. Sobre o primeiro punto, consideran que xeralizar a exención do título de ocupación causaría efectos como que non se define o instrumento xurídico que ampara a ocupación co que quedaría no aire a función de control e ordenación do espazo e que unha eliminación da aplicación dos artigos da Lei 6/2017 indicados, favorecería o incumprimento da legalidade, no relativo ás entidades incursas en prohibición de contratar coas administracións. No que respecta á exención de taxas, indican que o texto da lei 6/2017 non é o axitado para a realización de tal exención, xa que as taxas portuarias están reguladas na lexislación xeral de taxas, prezos e exaccións reguladora da Comunidade Autónoma de Galicia, na lei 6/2003 de 9 de decembro. Finalmente, fai referencia a se os Concellos que pretenden a exención de autorización e de pagamento de taxas por ocupación de espazos portuarios, procederían de xeito igual no relativo á ocupación de dominio público municipal. No que respecta ao segundo punto da moción indica que a propia lei 6/2017 prevé a coordinación especializada en materia portuaria, a través da Delimitación de Espazos e Usos Portuarios, prevendo no apartado 2 do artigo 52, que se recabará informe do Concello ou Concellos afectados por razón da localización dos portos. Sobre o contido do punto terceiro indica que primeiramente hai que ter aprobada a delimitación de usos e espazos portuarios, DEUP, dado que é naquela onde se prevén as necesidades de espazos futuros do porto , reserva de espazos.... Finalmente, di que a prohibición de pesca e de baño en augas interiores do porto obedece a razóns de seguridade do tráfico marítimo e a razóns ambientais e fai referencia a que a lei 6/2007, prohíbe bañarse ou mergullarse nas augas interiores do porto e pescar nas dársenas cando non estea expresamente autorizado, é dicir, a lei galega contempla unha norma máis proporcionada, xa que se contempla a posibilidade de que se poda autorizar expresamente o baño ou a pesca en función das esixencias de seguridade, explotación e condicións medio ambientais dos portos. Conclúe a súa intervención anunciando a abstención do seu grupo.



Dna. Ana Veira García di que non din que non haxa coordinación, se non que o que se propón na moción é a creación dun órgano de coordinación. Sobre o que se indica ao respecto dos Concellos e a exención de taxas di que serán os propios concellos os que fagan as normativas. Finalmente, sobre o argumento do punto terceiro, indica que dende o seu grupo fan referencia aos espazos integrados nos cascos urbanos e que non teñan un uso portuario.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte intervén para matizar, facendo referencia ao artigo 29 da lei 6/2017 que regula os plan especiais de ordenación urbanística de portos, plan que será tramitado e aprobado conforme á normativa urbanística. No que respecta aos usos non portuarios, di que tamén se regula na lei.

De seguido, intervén o portavoz do Grupo Municipal do PSdG-PSOE: D. José Simoes Couceiro quen fai referencia aos artigos sinalados na moción, nomeadamente ao recollido no artigo 61 relativo aos requisitos para obter as autorizacións, que considera abusivos para a entidade do Concello. Sobre o réxime sancionador, comparte o argumento da seguridade co PP. Manifesta estar dacordo co contido da moción.

Intervén Dna. Ana Veira García para indicar que dende o BNG se propón modificar o réxime sancionador, non que non o haxa e, sobre a seguridade, indica que se están a referir a zonas de uso non portuario.

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que estarían a favor de engadir un punto a maiores no que se pedira que se revisen as zonas de titularidade portuaria, poñendo como exemplo nas que se inclúen o campo de fútbol, a praza de Rosalía e un tramo do paseo marítimo, que non teñen uso portuario. Ademais fai referencia á obriga de pagamento por infraestruturas que construíu o propio organismo, como o clube de piragüismo e sobre o que se deron dúas opcións, que pagara o clube unha taxa bonificada e que lle supón 6000 euros ao ano, ou que pagara o Concello trinta e pico mil euros anuais. O Sr. Fernández Piñeiro di que non se considera xusto que se faga unha infraestrutura e que logo se teña que pagar por ela. Fai referencia á denegación de autorizacións para a celebración de eventos en zonas de uso non portuario, o que entende carece de sentido; recorda que as labores de mantemento lle corresponden ao Concello e cualifica a situación como de "atraco" á cidadanía polo que están dacordo coa moción.

Dende a presidencia proponse unha EMENDA ao acordo do punto 4 da moción conforme ao seguinte:

Onde di:

*"4.- Se modifique o réxime sancionador contemplado na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galiza, de cara a reducir as abusivas sancións que esta contempla, e nomeadamente suprimir do réxime sancionador as actividades de bañarse ou mergullarse nas augas interiores do porto e pescar desde os peiraos ou con calquera tipo de arte nas dársenas e augas portuarias, cando iso non estea expresamente autorizado."*

Debe dicir:

*"4.- Se modifique o réxime sancionador contemplado na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galiza, de cara a reducir as abusivas sancións que esta contempla, e nomeadamente aquelas que atinxen ao réxime sancionador daquelas das actividades de bañarse ou mergullarse nas augas interiores do porto e pescar desde os peiraos ou con calquera tipo de arte nas dársenas e augas portuarias, cando iso non estea expresamente autorizado."*

A maiores, o Sr. Fernández Piñeiro propón engadir un punto que recolla que pasen a titularidade municipal aqueles espazos que non teñan uso portuario.

Dna. Ana Veira indica que o que ven de dicir o Alcalde xa se recolle no punto terceiro.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Dende a Presidencia propónse unha emenda ao punto terceiro da moción, conforme ao seguinte:

Onde di:

*“3.- Se leve a cabo un procedemento entre Concellos e Portos de Galiza -previa solicitude do concello interesado- co obxecto de transferir a titularidade aos Concellos dos espazos de dominio público portuario que estean integrados nos cascos urbanos das vilas e cidades e que non teñan uso portuario”*

Debe decir:

*“3.- Se leve a cabo un procedemento entre Concellos e Portos de Galiza -previa solicitude do concello interesado- co obxecto de transferir a titularidade aos Concellos dos espazos de dominio público portuario que estean integrados nos cascos urbanos das vilas e cidades e que non teñan uso portuario, e en xeral todas aquelas que non teñan uso portuario”.*

Concluídas as intervencións, sométese a proposta EMENDADA a votación, quedando **ADOPTADO por 9 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSOE(7) D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permy, Dna. Marta Pico Machado; e do BNG(2): Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire; e **3 abstencións** dos/as integrantes do Grupo Municipal do PP: Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez, o **ACORDO** seguinte:

**O pleno do Concello insta á Xunta de Galiza a realizar as modificacións lexislativas oportunas de xeito que:**

- 1. As autorizacións para instalacións de lecer e similares propostas polas entidades locais e entidades sen ánimo de lucro, non lles será de aplicación os artigos 59, 60, 61, 62, 63 e 64 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galiza, de xeito que ditas entidades queden exentas do pago das taxas pola realización de actividades no denominado dominio público portuario tanto a administracións locais como a entidades sen ánimo de lucro.**
- 2. Se cree o Órgano de Coordinación Portuario Municipal como instrumento de participación institucional e social en materia de portos, onde estarán representados tanto o goberno local como Portos de Galiza.**
- 3. Se leve a cabo un procedemento entre Concellos e Portos de Galiza -previa solicitude do concello interesado- co obxecto de transferir a titularidade aos Concellos dos espazos de dominio público portuario que estean integrados nos cascos urbanos das vilas e cidades e que non teñan uso portuario, e en xeral todas aquelas que non teñan uso portuario.**
- 4. Se modifique o réxime sancionador contemplado na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galiza, de cara a reducir as abusivas sancións que esta contempla, e nomeadamente aquelas que atinxen ao réxime sancionador daquelas das actividades de bañarse ou mergullarse nas augas interiores do porto e pescar desde os peiraos ou con calquera tipo de arte nas dársenas e augas portuarias, cando iso non estea expresamente autorizado**



5. Se exclúa á pesca deportiva da prohibición que rexe sobre o desenvolvemento de actividades marisqueiras e pesqueiras nas augas interiores do porto constitutivas da denominada “zona I”.

#### **ASUNTO FÓRA DA ORDE DO DÍA.**

Dende a Presidencia proponse, para o seu tratamento pola vía de urxencia, o asunto seguinte:

#### **ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DE CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR, CURSO ESCOLAR 2018-2019, EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA, ESO.**

O Sr. Presidente xustifica a urxencia na prolixa tramitación e xestión das axudas, sendo necesario iniciar canto antes o mesmo para aboar as mesmas de forma coincidente co curso escolar, e somete a votación a súa ratificación, coa conseguinte inclusión do asunto na orde do día para a adopción do respectivo acordo, de ser o caso, quedando **RATIFICADA A URXENCIA e A INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA por UNANIMIDADE** dos/as membros presentes.

De seguido, procédese a tratar o asunto, coa lectura por parte da Sra. Secretaria da proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

#### **“ASUNTO FORA DA ORDE DO DÍA**

#### **ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DE CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR, CURSO ESCOLAR 2018-2019, EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA, ESO.**

EXPDTE 2018/X999/000081 e EXPDTE. 2018/G006/000111

#### **PROPOSTA DA ALCALDÍA.**

*O artigo 7 da Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontedeume dispón que poderán ser obxecto de subvención os servizos e actividades que completen ou suplan as competencias do Concello de Pontedeume e que se consideren de interese para o municipio, cando o seu fomento se estime pertinente polos órganos competentes do Concello, entre as que se atopa o ensino.*

*De acordo co que se dispón no artigo 9 da ordenanza xeral, o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitase en réxime de concorrencia competitiva. Nos artigos 10 e seguintes da ordenanza régulase o devandito procedemento, que resulta de aplicación para a aprobación das bases específicas de cada procedemento e a súa correspondente convocatoria, e que establece a regulación mínima que debe cumprirse.*

*Logo de ver o expediente da correspondente Ordenanza específica reguladora das bases de concesión de axudas ás familias para a adquisición de material escolar, curso escolar 2018-2019, Educación Infantil, Primaria, ESO:*

*Providencia da Alcaldía*

*Proposta de ordenanza Ordenanza específica reguladora das bases de concesión de axudas ás familias para a adquisición de material escolar, curso escolar 2018-2019, Educación Infantil, Primaria, ESO*

*Informe Xurídico*

*Informe da Intervención*

*Esta Presidencia propón que o Pleno, aprrobe a seguinte proposta de acordo:*

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

**PRIMEIRO.** Ratificar a urxencia do expediente para aprobar inicialmente a Ordenanza específica reguladora das bases de concesión de axudas ás familias para a adquisición de material escolar, curso escolar 2018-2019, Educación Infantil, Primaria, ESO e a inclusión do mesmo fora da orde do día do Pleno ordinario debido a que a prolixa tramitación e xestión das axudas cumpre iniciar canto antes o mesmo para aboar as mesmas de forma coincidente co curso escolar, do seguinte teor literal:

### **ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DE CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR. CURSO ESCOLAR 2018-2019. SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO.**

Esta Ordenanza ten por obxecto regular a convocatoria para a concesión de axudas destinadas a adquisición de material escolar (todo tipo de material agás os libros de texto), co fin de promover o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e compensar ás familias para facer fronte aos gastos derivados da escolarización dos seus fillos matriculados nos cursos de segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria e ESO, todo iso nos termos establecidos no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no Regulamento de servizos das corporacións locais, na Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ponte deume.

#### **Artigo 1º.- Obxecto da convocatoria.**

1.- A igualdade de oportunidades ante o ensino é un dos retos principais que deben afrontar os poderes públicos para facer efectivo o dereito á educación. Unha das medidas fundamentais é o establecemento dun sistema de becas e axudas que posibiliten o acceso e continuidade nos estudos.

Constitúe o obxecto das presentes bases convocar axudas para a adquisición de material escolar (todo tipo de material agás os libros de texto), destinadas ás familias que se atopen nunhas condicións socio-económicas menos vantaxosas.

2.- O importe global máximo que o Concello destinará á concesión destas axudas será de 11.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria correspondente do orzamento do ano 2018

3.- As axudas concedidas en virtude da presente ordenanza serán compatibles con calquera outra axuda que se poida recibir coa mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo do material escolar subvencionado.

#### **Artigo 2º.- Destinatarios das axudas.**

1.- Poderá optar a estas axudas o alumnado de segundo ciclo de Educación Infantil, de Educación Primaria e de Educación Secundaria Obrigatoria, durante o curso escolar 2018 – 2019, empadroados no Concello de Ponte deume.

2.- A unidade familiar non poderá superar o límite de ingresos anuais establecido na seguinte táboa. A efectos destas bases, teñen a consideración de ingresos, a suma da base imponible xeral máis a base imponible do aforro, do Imposto sobre a Renda das Personas Físicas do



exercicio 2017, de tódolos membros computables. Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impositibles ás que se fai referencia, obteranse como resultado de aplicarlle ós datos que consten na Axencia Estatal de Administración Tributaria os criterios da lexislación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

Número de membros da unidade familiar	Límite de renda anual familiar
<b>Unidade familiar de 2 membros</b>	<b>18.071,28€ (2,8 x IPREM)</b>
Unidade familiar de 3 membros	22.589,10€ (3,5 x IPREM)
Unidade familiar de 4 membros	26.461,52€ (4,1 x IPREM)
Unidade familiar de 5 membros	29.688,53€ (4,6 x IPREM)
Unidade familiar de 6 membros	32.270,15€ (5 x IPREM)

A partir do sexto membro, engadiranse 1.936,20€ (0,3 x IPREM) por cada novo membro computable.

Os solicitantes que superen a renda anual fixada para cada unidade familiar segundo o seu número de membros, non terán dereito á axuda.

A estes efectos, considerarase unidade familiar: os núcleos de convivencia formados polos pais/nais ou titores e os fillos/fillas menores de 18 anos, na data de publicación desta convocatoria.

No caso de divorcio, separación legal ou de feito dos proxenitores, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva cos fillos ou fillas.

Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou parella de feito, e as rendas incluíranse dentro do cómputo da renda familiar.

Nos supostos de custodia compartida incluíranse ambos proxenitores dentro do cómputo da renda familiar.

3.- As solicitudes que cumpran o requisito establecido no punto anterior, serán avaliadas segundo os criterios fixados no artigo 4. As axudas adxudicaranse por estrito orde de puntuación, ata esgotar a consignación orzamentaria dispoñible á que se fai referencia no artigo 1. En caso de empate, atenderase ó maior número de fillos escolarizados e se o empate persiste terase en consideración a renda per cápita máis baixa.

### **Artigo 3º.- Procedemento da solicitude.**

3.1.- **Lugar.** As solicitudes presentaranse, xunto coa documentación correspondente, no Rexistro xeral do Concello.

3.2.- **Prazo.** As solicitudes presentaranse no prazo de quince días hábiles a contar dende o seguinte á publicación desta ordenanza específica no BOP.

Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días hábiles, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación, quedando apercibido que de non facelo así, terase por desistido e arquivaranse as actuacións sen máis trámite, conforme ao previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

#### **3.3.- Documentación a presentar:**

- 1.- Solicitude, segundo o modelo establecido.
- 2.- Fotocopia do D.N.I. da/do solicitante, cónxuxe/parella e fillas/os.
- 3.- Fotocopia do Libro de Familia (completo) ou no caso de familias numerosas, fotocopia do título.



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

4.- *Fotocopia da Declaración do IRPF do exercicio 2017 (completa) da/do solicitante e cónxuxe, ou no caso de non presentala, Certificado de imputacións expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.*

5.- *Certificación da conta bancaria da/do solicitante.*

6.- *Copia da matrícula do presente curso.*

7.- *Declaración de conxunto de tódalas solicitudes efectuadas ou concedidas para a dita finalidade das distintas administracións públicas ou organismos privados competentes, segundo o modelo establecido.*

8.- *Declaración xurada de atoparse ó corrente nas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma) e, en concreto, co Concello de Ponte deume, e coa Seguridade Social, e de estar ó corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, segundo o modelo establecido.*

9.- *Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para obter subvencións que se establecen no artigo 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, e do non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Ponte deume, segundo o modelo establecido.*

10.- *Se é caso, documentación acreditativa da ausencia do fogar familiar dalgún dos proxenitores: familia monoparental, separación/divorcio, viuvez, orfandade, etc.*

11.- *Certificado do grao de discapacidade, no caso de que algún membro da unidade familiar teña recoñecida unha discapacidade.*

12.- *No caso de que algún membro da unidade familiar se atope en situación de desemprego dende polo menos un mes anterior á data desta convocatoria, Certificado do servizo Público de emprego que acredite a antigüidade como demandante de emprego.*

### **Artigo 4º.- Criterios de avaliación.**

*As solicitudes que cumpran o requisito establecido no artigo 2.2., valoraranse pola comisión avaliadora, e puntuaranse en función dos seguintes conceptos:*

- 1.- *Número de membros da unidade familiar.*
- 2.- *Condicións familiares da/o solicitante.*
- 3.- *Ingresos familiares.*

*A ponderación destas situacións é a seguinte, para cada un dos criterios anteriores.*

- 1.- *Número de membros da unidade familiar.*

*Por cada membro da unidade familiar do solicitante: 0,5 puntos.*

*Enténdese por unidade familiar a formada polos pais/nais e fillas/os menores de 18 anos.*

- 2.- *Condicións familiares da/o solicitante.*



- Por ausencia do fogar familiar dalgún dos proxenitores (orfanidade, separación, familia monoparental, viuvez, etc.): 1 punto.
- Por cada membro da unidade familiar con discapacidade: 1 punto.
- Por cada membro da unidade familiar en desemprego: 1 punto.
- Por familia numerosa (título): 1 punto.

### 3.- Ingresos familiares:

Ponderaranse do seguinte xeito, segundo o número de membros da unidade familiar:

Ingresos, entre 0 e o 24,99% do límite de renda anual familiar: 4 puntos.

Ingresos, entre 25% e o 49,99% do límite de renda anual familiar: 3 puntos.

Ingresos, entre 50% e o 74,99% do límite de renda anual familiar: 2 puntos.

Ingresos, entre 75% e o 100% do límite de renda anual familiar: 1 punto.

### **Artigo 5.- Obrigas da/o beneficiaria/o.**

Son obrigas da/o beneficiaria/o:

- Presentar debidamente cuberta a documentación requirida no prazo sinalado.
- Xustificar ante o Concello de Pontedeume o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a finalidade que determine a concesión da subvención.
- Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Pontedeume.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, proporcionando canta información lles sexa requirida no exercicio de ditas actuacións.
- Comunicar ó órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos
- Acreditar, no momento da xustificación á que se refire o artigo 7, que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, ou autorizar ó Concello de Pontedeume a obter esta información.
- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.
- Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da LXS.

### **Artigo 6.- Outorgamento de subvencións.**

1.- O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos, en virtude dos que debe pronunciarse a proposta de resolución, será a Concelleira de servizos sociais, educación e deportes. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da comisión avaliadora, no que se concretará o resultado da avaliación das solicitudes, formulará a proposta de resolución provisional, ó Alcalde - Presidente, que será o órgano competente para a súa concesión, na que se expresará o cumprimento dos requisitos dos solicitantes para a concesión das axudas, a relación nominal e a contía individualizada da

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

subvención que se propón para cada solicitante, con arranxo aos criterios de valoración establecidos no artigo 4 da presente ordenanza específica. Todo isto conforme ó establecido no artigo 14 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ponte deume (B.O.P. nº142 do 21/06/2008).

A valoración das solicitudes realizarase pola comisión avaliadora, que estará composta por:

Presidenta: a concelleira de servizos sociais, educación e deportes.

Vogais:

A coordinadora do equipo de servizos sociais do Concello.

A educadora social.

O traballador social.

Actuará como secretario da mesma, con voz pero sen voto, a secretaria da corporación ou persoa en quen delegue.

As solicitudes serán valoradas pola comisión mencionada e concedidas polo Alcalde – Presidente mediante decreto.

A resolución deberá conter a relación de solicitantes que resulten beneficiarios e o importe concedido, e a desestimación de solicitudes, se as houbese, e a súa causa.

No caso de que no expediente non fosen tidos en conta outros datos ou alegacións distintas aos presentados polos solicitantes a proposta de resolución terá o carácter de definitiva.

De acordo co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como no artigo 15 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ponte deume, a resolución da concesión farase pública, mediante exposición no taboleiro de anuncios do Concello, durante un prazo de 15 días, para que os beneficiarios presenten a documentación xustificativa que se establece no artigo 7 da presente ordenanza específica.

2.- A contía da axuda, por alumna/o, será de 60,00 euros (de ser o caso, o importe sobrante distribuirase a partes iguais entre as/os beneficiarias/os).

3.- O importe da axuda en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o custo dos gastos acreditados pola/o beneficiaria/o.

### Artigo 7.- Xustificación e pagamento.

1.- O prazo para presentar a documentación xustificativa será de 15 días, contado a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión no taboleiro de anuncios municipal.

O pagamento das axudas efectuarase ós representantes legais das/os beneficiarias/os, unha vez presentada a seguinte documentación:

Facturas orixinais ou fotocopias cotexadas dos gastos orixinados pola adquisición do material escolar por importe igual ou superior á contía outorgada. Ademais, deberá acreditarse o pagamento das facturas que se presenten.



As facturas deberán cumprir os requisitos do Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. As facturas deberán conter como mínimo, os seguintes requisitos:

Nome, razón social, e NIF ou CIF de quen emite a factura.

Nome, enderezo e NIF ou CIF da/o beneficiaria/o da subvención, debendo estar expedida a factura a nome da persoa solicitante da subvención.

Número de factura e data de emisión.

Detalle do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención deberá facerse constar expresamente na factura.

Relación detallada do que se adquiriu.

Declaración xurada de percepción ou non percepción doutras axudas das distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados.

Certificados de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma) e, en concreto, con Concello de Pontedeume, e coa Seguridade Social, e de estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións; ou autorizar ó Concello de Pontedeume a obter esta documentación.

2.- Os documentos xustificativos corresponderán ós gastos realizados dende o 01/09/2018 ata a data na que remate o prazo para presentar a documentación xustificativa, e só serán subvencionados os gastos que respondan de maneira indubitada á natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido.

3.- De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido, entenderase que desiste da súa petición; o que dará lugar á incoacción, por decreto da Alcaldía, do expediente de anulación do correspondente compromiso que conlevará a perda do dereito de cobro da subvención.

4.- Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días hábiles, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa corrección.

#### **Disposición adicional.**

Para o non previsto na presente ordenanza será de aplicación o que se dispón na Lei 38/2003 xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontedeume.

#### **Disposición final.**

Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra esta Ordenanza poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia."

**SEGUNDO.** Continuar a tramitación do expediente, remitindo o correspondente edito ao Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, se proceda á información pública e audiencia aos interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comezarán a contarse a

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

partir do seguinte ao da devandita publicación, inxeríndose copia do edito no taboleiro de anuncios deste concello.

**TERCEIRO.** No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase a súa resolución, previos os informes oportunos, polo pleno da corporación, procedéndose, unha vez resoltas, á aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

**CUARTO.** Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerarase que queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente de conformidade do disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

En Ponte deume asinado dixitalmente polo Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro na data indicada na marxe. ”

A Presidencia abre a quenda para o debate. Toma a palabra a concelleira de Servizos Sociais, Educación e Deportes. Dña. Raquel Caruncho Corral que agradece a voa vontade das distintas formacións políticas por asumir a urxencia do expediente, así como ao servizos técnicos na súa elaboración. Di que se propón o mesmo texto que a anterior, co obxectivo de que poder pagar as axudas dentro do ano natural.

De seguido toma a palabra Dña. Ascensión de Vicente Olarte, concelleira do PP quen pregunta se estando pendentes de pagar as axudas da convocatoria anterior se pode iniciar outro.

Dña. Raquel Caruncho Corral indica que se prevé, cos prazos que se manexan, a que as anteriores estean pagadas con anterioridade.

Dña. Ana Veira García apunta a que en Plenos anteriores xa se dixo que se podía inciar un novo expediente sen ter rematado o anterior e di que tendo en conta que se trata dunha repetición da anterior e aínda que todo é mellorable, considera mais importante pagar en prazo a axuda e anuncia o voto a favor do seu grupo.

Dña. Ascensión de Vicente Olarte di que lles falta información polos prazos, anuncia o voto favorable do seu grupo.

Concluídas as intervencións, e tendo en conta que foi previamente ratificada a urxencia ae a inclusión do asunto na orde do día sométese a votación a proposta de acordo propiamente dita, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** das e dos membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

**PRIMEIRO.** Aprobar inicialmente a Ordenanza específica reguladora das bases de concesión de axudas ás familias para a adquisición de material escolar, curso escolar 2018-2019, Educación Infantil, Primaria, ESO, do seguinte teor literal:

### **ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DE CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR. CURSO ESCOLAR 2018-2019. SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO.**

*Esta Ordenanza ten por obxecto regular a convocatoria para a concesión de axudas destinadas a adquisición de material escolar (todo tipo de material agás os libros de texto), co fin de promover o principio de igualdade no exercicio do dereito á educación e compensar ás*



familias para facer fronte aos gastos derivados da escolarización dos seus fillos matriculados nos cursos de segundo ciclo de Educación Infantil, Educación Primaria e ESO, todo iso nos termos establecidos no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no Regulamento de servizos das corporacións locais, na Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Pontedeume.

#### **Artigo 1º.- Obxecto da convocatoria.**

1.- A igualdade de oportunidades ante o ensino é un dos retos principais que deben afrontar os poderes públicos para facer efectivo o dereito á educación. Unha das medidas fundamentais é o establecemento dun sistema de becas e axudas que posibiliten o acceso e continuidade nos estudos.

Constitúe o obxecto das presentes bases convocar axudas para a adquisición de material escolar (todo tipo de material agás os libros de texto), destinadas ás familias que se atopen nunhas condicións socio-económicas menos vantaxosas.

2.- O importe global máximo que o Concello destinará á concesión destas axudas será de 11.000,00 euros, con cargo á aplicación orzamentaria correspondente do orzamento do ano 2018

3.- As axudas concedidas en virtude da presente ordenanza serán compatibles con calquera outra axuda que se poida recibir coa mesma finalidade doutras entidades públicas ou privadas, sempre que as axudas concorrentes non superen o custo do material escolar subvencionado.

#### **Artigo 2º.- Destinatarios das axudas.**

1.- Poderá optar a estas axudas o alumnado de segundo ciclo de Educación Infantil, de Educación Primaria e de Educación Secundaria Obrigatoria, durante o curso escolar 2018 – 2019, empadroados no Concello de Pontedeume.

2.- A unidade familiar non poderá superar o límite de ingresos anuais establecido na seguinte táboa. A efectos destas bases, teñen a consideración de ingresos, a suma da base imponible xeral máis a base imponible do aforro, do Imposto sobre a Renda das Personas Físicas do exercicio 2017, de tódolos membros computables. Para as persoas non obrigadas a declarar, as bases impositibles ás que se fai referencia, obteranse como resultado de aplicarlle ós datos que consten na Axencia Estatal de Administración Tributaria os criterios da lexislación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas.

Número de membros da unidade familiar	Límite de renda anual familiar
<b>Unidade familiar de 2 membros</b>	18.071,28€ (2,8 x IPREM)
Unidade familiar de 3 membros	22.589,10€ (3,5 x IPREM)
Unidade familiar de 4 membros	26.461,52€ (4,1 x IPREM)
Unidade familiar de 5 membros	29.688,53€ (4,6 x IPREM)
Unidade familiar de 6 membros	32.270,15€ (5 x IPREM)

A partir do sexto membro, engadíranse 1.936,20€ (0,3 x IPREM) por cada novo membro computable.

Os solicitantes que superen a renda anual fixada para cada unidade familiar segundo o seu número de membros, non terán dereito á axuda.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

A estes efectos, considerarase unidade familiar: os núcleos de convivencia formados polos pais/nais ou titores e os fillos/fillas menores de 18 anos, na data de publicación desta convocatoria.

No caso de divorcio, separación legal ou de feito dos proxenitores, non se considerará membro computable aquel deles que non conviva cos fillos ou fillas.

Non obstante, se é o caso, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou parella de feito, e as rendas inclúiranse dentro do cómputo da renda familiar.

Nos supostos de custodia compartida inclúiranse ambos proxenitores dentro do cómputo da renda familiar.

3.- As solicitudes que cumpran o requisito establecido no punto anterior, serán avaliadas segundo os criterios fixados no artigo 4. As axudas adxudicaránse por estrito orde de puntuación, ata esgotar a consignación orzamentaria dispoñible á que se fai referencia no artigo 1. En caso de empate, atenderase ó maior número de fillos escolarizados e se o empate persiste terase en consideración a renda per cápita máis baixa.

### Artigo 3º.- Procedemento da solicitude.

3.1.- **Lugar.** As solicitudes presentaranse, xunto coa documentación correspondente, no Rexistro xeral do Concello.

3.2.- **Prazo.** As solicitudes presentaranse no prazo de quince días hábiles a contar dende o seguinte á publicación desta ordenanza específica no BOP.

Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días hábiles, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa rectificación, quedando apercibido que de non facelo así, terase por desistido e arquivaranse as actuacións sen máis trámite, conforme ao previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

### 3.3.- Documentación a presentar:

- 1.- Solicitude, segundo o modelo establecido.
- 2.- Fotocopia do D.N.I. da/do solicitante, cónxuxe/parella e fillas/os.
- 3.- Fotocopia do Libro de Familia (completo) ou no caso de familias numerosas, fotocopia do título.
- 4.- Fotocopia da Declaración do IRPF do exercicio 2017 (completa) da/do solicitante e cónxuxe, ou no caso de non presentala, Certificado de imputacións expedido pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.
- 5.- Certificación da conta bancaria da/do solicitante.
- 6.- Copia da matrícula do presente curso.
- 7.- Declaración de conxunto de tódalas solicitudes efectuadas ou concedidas para a dita finalidade das distintas administracións públicas ou organismos privados competentes, segundo o modelo establecido.



8.- Declaración xurada de atoparse ó corrente nas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma) e, en concreto, co Concello de Pontedeume, e coa Seguridade Social, e de estar ó corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, segundo o modelo establecido.

9.- Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas de prohibición para obter subvencións que se establecen no artigo 13.2 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, e do non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Pontedeume, segundo o modelo establecido.

10.- Se é caso, documentación acreditativa da ausencia do fogar familiar dalgún dos proxenitores: familia monoparental, separación/divorcio, viuvez, orfandade, etc.

11.- Certificado do grao de discapacidade, no caso de que algún membro da unidade familiar teña recoñecida unha discapacidade.

12.- No caso de que algún membro da unidade familiar se atope en situación de desemprego dende polo menos un mes anterior á data desta convocatoria, Certificado do servizo Público de emprego que acredite a antigüidade como demandante de emprego.

#### **Artigo 4º.- Criterios de avaliación.**

As solicitudes que cumpran o requisito establecido no artigo 2.2., valoraranse pola comisión avaliadora, e puntuaranse en función dos seguintes conceptos:

- 1.- Número de membros da unidade familiar.
- 2.- Condicións familiares da/o solicitante.
- 3.- Ingresos familiares.

A ponderación destas situacións é a seguinte, para cada un dos criterios anteriores.

##### **1.- Número de membros da unidade familiar.**

Por cada membro da unidade familiar do solicitante: 0,5 puntos.

Enténdese por unidade familiar a formada polos pais/nais e fillas/os menores de 18 anos.

##### **2.- Condicións familiares da/o solicitante.**

- Por ausencia do fogar familiar dalgún dos proxenitores (orfandade, separación, familia monoparental, viuvez, etc.): 1 punto.
- Por cada membro da unidade familiar con discapacidade: 1 punto.
- Por cada membro da unidade familiar en desemprego: 1 punto.
- Por familia numerosa (título): 1 punto.

##### **3.- Ingresos familiares:**

Ponderaranse do seguinte xeito, segundo o número de membros da unidade familiar:

Ingresos, entre 0 e o 24,99% do límite de renda anual familiar: 4 puntos.

Ingresos, entre 25% e o 49,99% do límite de renda anual familiar: 3 puntos.

Ingresos, entre 50% e o 74,99% do límite de renda anual familiar: 2 puntos.

Ingresos, entre 75% e o 100% do límite de renda anual familiar: 1 punto.

#### **Artigo 5.- Obrigas da/o beneficiaria/o.**



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Son obrigas da/o beneficiaria/o:

- a) Presentar debidamente cuberta a documentación requirida no prazo sinalado.
- b) Xustificar ante o Concello de Ponte deume o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a finalidade que determine a concesión da subvención.
- c) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Ponte deume.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan debidamente requiridas polos órganos municipais, proporcionando canta información lles sexa requirida no exercicio de ditas actuacións.
- e) Comunicar ó órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos percibidos
- f) Acreditar, no momento da xustificación á que se refire o artigo 7, que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións, ou autorizar ó Concello de Ponte deume a obter esta información.
- g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.
- h) Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da LXS.

### Artigo 6.- Outorgamento de subvencións.

1.- O órgano competente para a instrución do procedemento, así como para a realización de cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos, en virtude dos que debe pronunciarse a proposta de resolución, será a Concelleira de servizos sociais, educación e deportes. O órgano instrutor, á vista do expediente e do informe da comisión avaliadora, no que se concretará o resultado da avaliación das solicitudes, formulará a proposta de resolución provisional, ó Alcalde - Presidente, que será o órgano competente para a súa concesión, na que se expresará o cumprimento dos requisitos dos solicitantes para a concesión das axudas, a relación nominal e a contía individualizada da subvención que se propón para cada solicitante, con arranxo aos criterios de valoración establecidos no artigo 4 da presente ordenanza específica. Todo isto conforme ó establecido no artigo 14 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ponte deume (B.O.P. nº142 do 21/06/2008).

A valoración das solicitudes realizarase pola comisión avaliadora, que estará composta por:

Presidenta: a concelleira de servizos sociais, educación e deportes.

Vogais:

A coordinadora do equipo de servizos sociais do Concello.

A educadora social.

O traballador social.



*Actuará como secretario da mesma, con voz pero sen voto, a secretaria da corporación ou persoa en quen delegue.*

*As solicitudes serán valoradas pola comisión mencionada e concedidas polo Alcalde – Presidente mediante decreto.*

*A resolución deberá conter a relación de solicitantes que resulten beneficiarios e o importe concedido, e a desestimación de solicitudes, se as houbese, e a súa causa.*

*No caso de que no expediente non fosen tidos en conta outros datos ou alegacións distintas aos presentados polos solicitantes a proposta de resolución terá o carácter de definitiva.*

*De acordo co previsto no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, así como no artigo 15 da Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Pontedeume, a resolución da concesión farase pública, mediante exposición no taboleiro de anuncios do Concello, durante un prazo de 15 días, para que os beneficiarios presenten a documentación xustificativa que se establece no artigo 7 da presente ordenanza específica.*

*2.- A contía da axuda, por alumna/o, será de 60,00 euros (de ser o caso, o importe sobrante distribuirase a partes iguais entre as/os beneficiarias/os).*

*3.- O importe da axuda en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou privadas, supere o custo dos gastos acreditados pola/o beneficiaria/o.*

#### **Artigo 7.- Xustificación e pagamento.**

*1.- O prazo para presentar a documentación xustificativa será de 15 días, contado a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión no taboleiro de anuncios municipal.*

*O pagamento das axudas efectuarase ós representantes legais das/os beneficiarias/os, unha vez presentada a seguinte documentación:*

*Facturas orixinais ou fotocopias cotexadas dos gastos orixinados pola adquisición do material escolar por importe igual ou superior á contía outorgada. Ademais, deberá acreditarse o pagamento das facturas que se presenten.*

*As facturas deberán cumprir os requisitos do Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. As facturas deberán conter como mínimo, os seguintes requisitos:*

*Nome, razón social, e NIF ou CIF de quen emite a factura.*

*Nome, enderezo e NIF ou CIF da/o beneficiaria/o da subvención, debendo estar expedida a factura a nome da persoa solicitante da subvención.*

*Número de factura e data de emisión.*

*Detalle do IVE ou imposto correspondente; no caso de exención deberá facerse constar expresamente na factura.*

*Relación detallada do que se adquiriu.*

*Declaración xurada de percepción ou non percepción doutras axudas das distintas administracións públicas ou entes públicos ou privados.*

*Certificados de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias en xeral (Estado e Comunidade Autónoma) e, en concreto, con Concello de Pontedeume, e coa Seguridade Social, e de estar ao corrente no cumprimento de obrigas por reintegro de subvencións; ou autorizar ó Concello de Pontedeume a obter esta documentación.*

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2.- Os documentos xustificativos corresponderán ós gastos realizados dende o 01/09/2018 ata a data na que remate o prazo para presentar a documentación xustificativa, e só serán subvencionados os gastos que respondan de maneira indubitada á natureza da actividade subvencionada, e se realicen no prazo establecido.

3.- De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido, entenderase que desiste da súa petición; o que dará lugar á incoacción, por decreto da Alcaldía, do expediente de anulación do correspondente compromiso que conlevará a perda do dereito de cobro da subvención.

4.- Este prazo entenderase sen prexuízo do prazo de dez días hábiles, que se concederá no caso de presentación de documentación incompleta ou defectuosa para a súa corrección.

### **Disposición adicional.**

Para o non previsto na presente ordenanza será de aplicación o que se dispón na Lei 38/2003 xeral de subvencións, no Real Decreto 887/2006 polo que se aproba o regulamento da Lei xeral de subvencións, na Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e na Ordenanza xeral de subvencións do Concello de Ponte deume.

### **Disposición final.**

Esta Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia e unha vez transcorrido o prazo ao que se refire o artigo 70.2 en relación co artigo 65.2 da Lei 7/85, reguladora de bases de réxime local, modificada pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e comezará a aplicarse a partir do día seguinte, permanecendo vixente ata que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra esta Ordenanza poderá interpoñerse recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso - Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación no Boletín Oficial da Provincia."

**SEGUNDO.** Continuar a tramitación do expediente, remitindo o correspondente edito ao Boletín Oficial da Provincia, a fin de que, de conformidade co disposto no artigo 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, se proceda á información pública e audiencia aos interesados durante o prazo de trinta días hábiles, que comezarán a contarse a partir do seguinte ao da devandita publicación, inxeríndose copia do edito no taboleiro de anuncios deste concello.

**TERCEIRO.** No caso de que se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o citado expediente, procederase a súa resolución, previos os informes oportunos, polo pleno da corporación, procedéndose, unha vez resoltas, á aprobación definitiva do expediente e á publicación íntegra do texto da ordenanza no Boletín Oficial da Provincia.

**CUARTO.** Que no caso de que non se presenten reclamacións e/ou alegacións contra o expediente, considerárase que queda aprobado definitivamente, sen necesidade de acordo posterior, procedendo de seguido á publicación indicada no apartado procedente de conformidade co disposto no artigo 49.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.



## 6.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URXENTES.

Non houbo.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte propón a celebración dunha Xunta de portavoces para a elaboración dunha declaración institucional ante a situación da empresa MOTORCAR, que se atopa ante un ERE extintivo e peche.

Concretarase a celebración da Xunta de Goberno Local fóra do pleno.

## 7.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

### **“DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA. SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 26/07/2018**

**Expediente: 2018/G006/000108**

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números 402.2018 de 22 de xuño ao 463.2018 de 20 de xullo, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2018/G003/0004 28	INICIO PROCEDIMIENTO DE ADJUDICACIÓN EXPEDIENTE CONTRATACIÓN OBRA RENOVACIÓN DO CAMIÑO DE ACCESO Á IGREXA DE CENTROÑA (Plan de Mellora de Camiños Muniapais 2017-2018). EXPTE 2018/C003/000004	00402/20 18	25/06/2018
2018/G003/0004 41	NOMEAMENTO DUN OFICIAL PARA TRABALLOS DE REVALORIZACIÓN FORESTAL AO ABEIRO DA SUBVENCIÓN APROL RURAL 2018	00403/20 18	25/06/2018
2018/G003/0004 25	PAGO DOS SEGUROS SOCIAIS, MAIO 2018	00404/20 18	25/06/2018
2018/G003/0004 42	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 28.06.2018	00405/20 18	25/06/2018
2018/G003/0004 43	APROBACIÓN DEFINITIVA DE ADMITIDOS NO PROCESO SELECTIVO FORMACIÓN DE BOLSA ARQUITECTO MUNICIPAL	00406/20 18	25/06/2018
2018/G003/0004 31	EXPEDIENTE EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO F/2018/9	00407/20 18	26/06/2018
2018/G003/0004 32	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA	00408/20 18	26/06/2018

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	URBANÍSTICA		
2018/G003/0004 33	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓ DE LICENZA URBANÍSTICA	00409/20 18	26/06/2018
2018/G003/0004 34	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓ DE LICENZA URBANÍSTICA	00410/20 18	26/06/2018
2018/G003/0004 36	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓ DE LICENZA URBANÍSTICA E AUTORIZACIÓ DE OCUPACIÓ DE DOMINIO PÚBLICO	00411/20 18	26/06/2018
2018/G003/0004 38	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓ DE LICENZA URBANÍSTICA	00412/20 18	26/06/2018
2018/G003/0004 47	RESOLUCIÓ BASES SELECCIÓ DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL, UN PEON E UN/HA LIMPADOR/A DE PERSOAS PERCEPTORAS DE RISGA.	00413/20 18	26/06/2018
2018/G003/0004 19	PAGO DAS DIETAS POR TRIBUNAI DE SELECCIÓ DE PERSOAL CELEBRADOS EN XUÑO DE 2018	00414/20 18	26/06/2018
2018/G003/0004 46	NOMEAMENTO DUN OFICIAL PARA TRABALLOS DE REVALORIZACIÓ FORESTAL AO ABEIRO DA SUBVENCIÓ APROL RURAL 2018	00415/20 18	26/06/2018
2018/G003/0004 48	CONVOCATORIA DA SESIÓ ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 28.06.2018	00416/20 18	27/06/2018
2018/G003/0004 45	APROBACIÓ NÓMINA XUÑO 2018	00417/20 18	28/06/2018
2018/G003/0002 49	RESOLUCIÓ RECURSO REPOSICIÓ CONTRA RESOLUCIÓ DE ALCALDÍA 911/2016 EN EXPEDIENTE DE ALEGACIÓNS E VERIFICACIÓ DESFAVORABLE DE COMUNICACIÓ PREVIA DE OBRAS	00418/20 18	28/06/2018



2018/G003/0004 40	CADUCIDADE DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA DU-02-2013 E NOVO INICIO DE NOVO PROCEDEMENTO DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANISTICA POR EXECUCIÓN DE SENTENZA. LILIANA PORTELA CORTIZAS	00419/20 18	28/06/2018
2018/G003/0004 49	SOLICITUDE DE RENOVACION DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00420/20 18	28/06/2018
2018/G003/0004 44	INCIDENCIAS MENSUAIS NÓMINA XUÑO 2018	00421/20 18	28/06/2018
2018/G003/0003 92	CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA OBRA CANALIZACIÓN DE LÍNEA SUBTERRÁNEA DE BAIXA TENSIÓN EN VIZÚS Expte. 2018/C002/000005	00422/20 18	28/06/2018
2018/G003/0004 39	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00423/20 18	28/06/2018
2018/G003/0004 37	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00424/20 18	28/06/2018
2018/G003/0003 98	NOMEAMENTO SECRETARÍA ACCIDENTAL DO 2 AO 13 DE XULLO DE 2018. EVA GUERRERO.	00425/20 18	28/06/2018
2018/G003/0004 35	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	00426/20 18	28/06/2018
2018/G003/0001 78	PAGO DE ATRASOS SALARIAIS A DONA SILVIA LAMELAS SOTO	00427/20 18	28/06/2018
2018/G003/0004 50	CONTRATACIÓN AUXILIARES SAF, INTERINIDADE SUBSTITUCIÓN VACACIÓNS	00428/20 18	29/06/2018
2018/G003/0004 57	DENEGACIÓN COMISIÓN DE SERVIZOS POLICÍA LOCAL	00429/20 18	29/06/2018
2018/G003/0004 53	CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DE VARIAS OBRAS DO CONCELLO DE PONTEDEUME Expte. 2018/C002/000009	00430/20 18	29/06/2018
2018/G003/0004	CONTRATACIÓN DOS TRABALLOS DE COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE DA	00431/20	29/06/2018

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

54	OBRA REPARACIÓN DO PAVIMENTO NA PRAZA DO PAN Expte. 2018/C002/000008	18	
2018/G003/0004 55	APROBACIÓN DAS LISTAXES PROVISIONAIS DE ADMITIDOS/EXCLUIDOS E LISTAS DE ESPERA DA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL (EIM) "CHALÉ ROSA" DE PONTEDEUME, CURSO 2018-2019	00432/20 18	03/07/2018
2018/G003/0004 60	APROBACIÓN NÓMINA MES DE XUÑO 2018 DE MARCOS DÍAZ LÓPEZ E EJOSE BREOGÁN MOSQUERA CASTRO, APROL RURAL 2018	00433/20 18	04/07/2018
2018/G003/0004 61	NOMEAMENTO PERSOAL LABORAL TEMPORAL, PERCEPTORES RISGA 2018	00434/20 18	04/07/2018
2018/G003/0004 59	AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL	00435/20 18	06/07/2018
2018/G003/0004 52	AUTORIZACIÓN GASTO, APROBACIÓN PREGO E DESIGNACIÓN MESA CONTRATACIÓN PARA OBRA RENOVACIÓN DO CAMIÑO DE ACCESO Á IGREXA DE CENTROÑA (Plan de Mellora de Camiños Municipais 2017-2018). EXPTE 2018/C003/000004	00436/20 18	06/07/2018
2018/G003/0004 58	PAGO RELACIÓN DE FACTURAS EXPEDIENTE EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO PLENO 28/06/2018	00437/20 18	06/07/2018
2018/G003/0004 62	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 13, XERACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 8.-	00438/20 18	06/07/2018
2018/G003/0004 63	Listaxes definitivas das escolas deportivas de verán 2018	00439/20 18	06/07/2018
2018/G003/0004 64	Listaxe pre-inscritos no Campamento Urbano agosto 2018	00440/20 18	10/07/2018
2018/G003/0004 68	APROBACIÓN PROXECTO DE OBRAS PARA ADECUACIÓN E MELLORA DE PAVIMENTOS EN ESTEIRO. EXPTE 2018/C002/000011	00441/20 18	10/07/2018
2018/G003/0004 70	APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO DE OBRAS PARA MELLORA DA CAPA DE RODADURA EN VÍA MUNICIPAL NO POLÍGONO INDUSTRIAL DE VIDRIEIRO. MELLORA DE INFRAESTRUTURAS DOS PARQUES EMPRESARIAIS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA &#8211; ANO 2018	00442/20 18	10/07/2018



2018/G003/0004 66	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 14, XERACIÓN DE CRÉDITO 9.-	00443/20 18	10/07/2018
2018/G003/0004 71	RENOVACION POR CADUCIDADE DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00444/20 18	10/07/2018
2018/G003/0004 67	APROBACIÓN PROXECTO DE OBRAS PARA AGLOMERADO DE VIAL EN VILAR. EXPTE 2017/C002/000016	00445/20 18	10/07/2018
2018/G003/0004 51	CONTRATACION INTERINIDADE SUSTITUCIÓN DONA MANUELA ABEAL SANCHEZ	00446/20 18	11/07/2018
2018/G003/0004 69	MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 15, TRASFERENCIA DE CRÉDITO 3	00447/20 18	11/07/2018
2018/G003/0004 76	ACTUALIZACIÓN DE PARTICIPANTES NAS ESCOLAS DEPORTIVAS DE VERAN 2018	00448/20 18	13/07/2018
2018/G003/0004 78	SELECCIÓN DE PERSOAL PARA A REALIZACIÓN DE TRABALLOS DE SALVAMENTO E SOCORRISMO NAS PRAIAS DO CONCELLO DE PONTEDEUME. SEGUNDA CONVOCATORIA 2018.	00449/20 18	13/07/2018
2018/G003/0000 84	INCOACCIÓN DE EXPEDIENTE DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA A ROBERTO RODRÍGUEZ VARELA. EXPTE: 2016/I002/000004	00450/20 18	03/07/2018
2018/G003/0001 11	EXECUCIÓN FORZOSA E IMPOSICIÓN DE MULTAS COERCITIVAS POR INCUMPRIMENTO DE ORDE DE DEMOLICIÓN DERIVADA DE PROCEDEMENTO DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE URBANISTICA. RAMÓN CALVO RODRÍGUEZ	00451/20 18	04/07/2018
2018/G003/0004 73	APROBACION BOLSA DE TRABALLO POSTO DE ARQUITECTO DE PONTEDEUME.	00452/20 18	16/07/2018
2018/G003/0004 79	RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO DECRETO 425.2018 DE NOMEAMENTO DE SECRETARÍA ACCIDENTAL DO 2 AO 13 DE XULLO DE 2018.EVA GUERRERO.	00453/20 18	17/07/2018
2018/G003/0004 72	CONTRATACION EN REXIME DE INTERINIDADE PARA A SUBSTITUCION POR PERIODO VACACIONAL DE DON JUAN RAMON PLACER SANDE	00454/20 18	17/07/2018
2018/G003/0004 77	CONTA XUSTIFICATIVA AXUDAS EMERXENCIA SOCIAL	00455/20 18	17/07/2018
2018/G003/0004 29	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA	00456/20 18	17/07/2018



## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	URBANÍSTICA		
2018/G003/0004 81	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO DE 20.07.2018	00457/20 18	17/07/2018
2018/G003/0004 82	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA 20.07.2018	00458/20 18	17/07/2018
2018/G003/0004 27	APROBACIÓN DO PROXECTO E SOLICITUDE DE AXUDA PARA FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE OBRA PARA ACONDICIONAMENTO DE PRAZA NO CAMIÑO INGLÉS NO CONCELLO DE PONTEDEUME	00459/20 18	17/07/2018
2018/G003/0004 86	NOMEAMENTO DE SECRETARIA DA MESA DE CONTRATACIÓN A CELEBRAR O 19.07.2018, DO EXPEDIENTE Nº 2018/G003/000452, OBRA RENOVACIÓN DO CAMIÑO DE ACCESO Á IGREXA DE CENTROÑA (PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIAPAIS 2017-2018).	00460/20 18	18/07/2018
2018/G003/0004 84	RELACIÓN DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES NO MES DE XUÑO DO 2018	00461/20 18	18/07/2018
2018/G003/0004 83	NOMEAMENTO DE DONA MARIA MONTERO GONZALEZ COMO ARQUITECTA, MODALIDADE FUNCIONARIA INTERINA	00462/20 18	18/07/2018
2018/G003/0004 80	PAGO DE RETENCIÓNS POR IRPF, MODELO 111 - XUÑO 2018	00463/20 18	20/07/2018

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde-Presidente D. Bernardo Fernández Piñeiro, en Ponte deume, a venres 20 de xullo de 2018."

Os/las membros presentes **TOMAN RAZÓN.**

### 8. - ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

Toma a palabra Dna. Ascensión de Vicente Olarte, concelleira do Partido Popular, quen formula os seguintes **ROGOS**:

1.- Rogamos doten dun acceso de minusválidos na beirarrúa do edificio nº 34 en Ricardo Sánchez



2. Rogamos busquen unha solución ao paso de camións polo camiño dos Carballás
  - 3.- Rogamos adecenten o parque de Lombardero
  - 4.- Rogamos adecenten o aparcadoiro municipal
  - 5.- Rogamos limpen entre outros os seguinte camiño de Gunturíz á Veiga
  - 6.- Rogamos, unha vez máis, enviénnos as invitación aos actos.
  - 7.- Rogamos indiquen a calidade de da auga nas praia de Ver e resto das praias do Concello e reparen os paneis anunciadores.
- D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que o de Sopazos ca está reparado logo de que o romperan tres veces.
- 8.- Rogamos controlen o acceso ao casco histórico de coches (Praza Do Pan, San Agustín, Ferreiros)
  - 9.- Rogamos repoñan unha farola na Rúa Ría De Ares e na Alameda.
- D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que a da Alameda se vai retirar xa que molesta para acceder ao xardín. No que respecta á da ría de Ares, estase á espera de que responda o seguro unha vez feita a reclamación.
- 10.- Rogamos reparen os puntos de luz fundidos na Regueira.
  - 11.- Rogamos limpen os arredores da escola unitaria de Boebre
  - 12.- Rogamos limpen e desinfecten os contenedores da Praza Do Conde, desprenden moi mal olor.
  - 13- Rogamos doten de auga a Fonte Do Pilón.
- D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que cando remate a obra do mercado se dotará de auga á fonte.

Concluídos os rogos, dende o Grupo Municipal do PP fórmulanse as seguintes **PREGUNTAS**:

- 1.- ¿Cando empezan as obras das gradas do campo de fútbol do Eume?

O Sr. Presidente indica que se está á espera dunha resposta da empresa logo de que se propuxera un segundo modificado do proxecto en base aos informes de supervisión. No caso de que a empresa non acepte o modificado, habería que licitar novamente a obra.

- 2.- ¿Están rematadas as obras do pavillón ?

Dna. Ascensión de Vicente Olarte indica que nos baños hai losetas e tuberías sen enganchar.

Dna. Raquel Caruncho Corral indica que non ten coñecemento destes feitos e o Sr. Alcalde da conta das actuación realizadas, que a obra está rematada.

- 3.- ¿Temos xa o programa da festas das Peras? e si é así ¿Pódennolo adiantar?

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Dna. Yolanda Vázquez Busto, Concelleira de Cultura, Comercio e Turismo indica que se está a elaborar e que están a realizar as sinaturas dos contratos por parte da Comisión e que será cando se asinen estes cando se dará a información, por prudencia.

4.- ¿Pódennos indicar cando se van a iniciar as beirarrúas na parroquia de Andrade?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se está a redactar o proxecto segundo indicacións da veciñanza, e que está bastante adiantado para, posteriormente, ser aprobado polo pleno da Deputación e iniciar o procedemento de licitación. Indica que está incluído no plan de conservación deste ano.

5.- ¿Como se regula a entrega de chaves do Concello??

Dna. Yolanda Vázquez Busto indica que se facilita o acceso ao baixo para a realización de actividades e se entrega directamente, se ben na maioría dos casos (95%) está presente o concelleiro/a que organiza. Noutros casos, entréganse coa sinatura dun documento.

6.- ¿Teñen algunha data estimada para o remate da obra do mercado?

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que principios de xaneiro.

7.- ¿Canto custou ao final a Feira Medieval e a canto ascenderon as doazóns?

Dna. Yolanda Vázquez Busto indica que o gasto da organización foron 16.973€ e que as doazóns acadaron a cifra de 8.020 €.

8.- ¿Xa saben algo máis dos terreos do novo aparcadoiro?

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que se está en negociación cos propietarios e que a dous deles xa se lles deu traslado da oferta e que se agardará a que estea pechado para dar a información ao respecto.

9.- ¿Cando nos pensan contestar á nosa petición sobre os recibos do Feirón?

O Sr. Alcalde indica que ten prevista a convocatoria dunha xunta de voceiros para falar sobre o asunto xa que di que non son certas algunhas das afirmacións respecto tendo en conta que se ten notificado a cada unha das persoas e que consta o acuse de recibo de cada un do ano 2016. Di que é certo que hubo un erro, por parte da Deputación, que derivou en que se pasaran os recibos por vía executiva a aquelas persoas que tiñan solicitado o fraccionamento, os que se anularán a para acceder ao solicitado, quedando anulado o recargo.

Dna. Maricarmen Piñeiro Varela pregunta pola posibilidade de que se concerta unha xuntanza cos/as feirantes. O Sr. Alcalde di que sí se vai facer a reunión.

10.- ¿Qué diámetro de entubado se puxo na renovación da rede xeral de augas ao seu paso por Nogueirosa?

O Sr. Presidente di que se estableceu no proxecto, en principio realizado conxuntamente coas indicacións da concesionaria do servizo de auga atendendo ás necesidades: 350 mm en fundición.



11.- ¿Como están a regular as vacacións do persoal?

D. José Simoes Couceiro, concelleiro de Formación, Réxime Interno e Persoal di que se ten negociado co Comité de Empresa en Mesa celebrada o 12.04.2018 o sistema, téndose enviado a todo o persoal unha circular para que cada traballador/a solicitara o seu periodo. Di que a ninguén se lle negou o solicitado.

12.- ¿Quen está a xestionar a depuradora de Ombre??

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que a xestiona o Concello coa colaboración de Viaqua se ben non está esta xestión incluída no contrato inicial coa empresa. Da conta do estado abandono anterior e que foi nesta lexislatura cando se puxo en funcionamento, realizando o Concello a limpeza e o mantemento.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte pide que se limpen os arredores.

Concluída a quenda do Grupo do PP, toma a palabra Dna. Ana Veira García, portavoz do BNG-AA, quen formula os seguintes **ROGOS**:

1.- Recollida de materiais nas proximidades da igrexa de Vilar e da capela do Carne de Esteiro.

Nas inmediacións da igrexa de Vilar hai depositados : uralitas e restos de podas.  
Na zona da capela do Carne hai rodas de vehículos.  
Rogamos a súa recollida.

2.- Espello na zona de Esteiro.

Reiteramos o rogo do mes maio xa que aínda non foi resolto.

O espello de axuda á circulación no cruce do camiño que vai á capela do Carne e a estrada.  
Pregamos a súa pronta reposición.

3.-Limpeza do lavadoiro de Esteiro.

O lavadoiro xa está cunha gran cantidade de terra que empeza a dificultar o paso da auga do río Covés.

SOLICITAMOS a súa limpeza.

4.-Deterioro do parque infantil nos Xardíns de Lombardero.

Moitos aparellos de xogo deste parque teñen partes deterioradas polo tempo, algunhas delas amosan posibilidade de perigo para os seus usuarios/as.

ROGAMOS o seu. urxente amaño

5.-Proliferación de gatos/as de rúa.

En diferentes lugares do concello vai incrementándose o número destes animais.

SOLICITAMOS a posta en funcionamento dunha campaña de esterilización.

6.-Información da recollida de refugallos.

A cidadanía precisa coñecer as datas de recollida, ás veces precisa recordatorios.

Moitos avisos están gastados e ilexibles e nalgúns puntos carécese deles  
ROGAMOS a renovación de avisos nos colectores do lixo.

7.-Proliferación de mobiliarios que impiden o tránsito de peóns.

Coa chegada da época estival as rúas do concello ( tanto no caso histórico como noutros puntos) atópanse ateigadas de diverso mobiliario que nalgúns casos impiden o paso dos peóns.

PREGAMOS un maior control desta situación.

## CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

8.-Limpeza na zona do Paseo Rosalía de Castro.

En diversas zonas hai silvas, ramallos e incluso plumachos da pampa, nalgunhas partes do muro que se utiliza como asento.

SOLICITAMOS a corta e limpeza .

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se fará a semana que ven.

9.-Camiños na zona de Centroña-Castrolo.

ROGAMOS revisión para determinar se son parte do patrimonio municipal.

Pasando a formular as seguintes **PREGUNTAS**:

1.- Axudas de material escolar do curso 2017/2018.

Reiteramos a pregunta do mes de maio de 2018 .

Cal é a situación actual destas axudas?

Que cálculo de tempo teñen feito para, aproximadamente, saber cando se pagarán?

Dna. Raquel Caruncho Corral indica que xa están baremadas e que o luns próximo hai Comisión.

2.- Revisión do IBI.

Froito de mocións e reunións posteriores comprometéronse a facer unha revisión do IBI para contemplar bonificacións que paliasen o “Catastrazo” así mesmo na Acción 20 facían referencia a “ bonificacións fiscais para emprendedores/as..”

Que teñen feito ata agora?

Como pensan facer estas bonificacións?.

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que os recibos que están a chegar á veciñanza son os do proceso de regularización catastral que está a levar a cabo o Ministerio, estandose a aplicar ata a data valores do ano 1986. Di que se pediu información sobre a repercusión da aplicación destes novos valores no Concello e esa información non chegou. Pedíuse por escrito á Deputación unha relación das persoas afectadas polo proceso para ver cando vai ser o incremento de cara poder modificar o tramo municipal do imposto. Di que non comparte que se cobren catro anos de atraso, o que lle parece inxusto, xa que a xente pagou o que se pediu. Conclúe dicindo que se aproveitará esta modificación do tramo municipal para incluír as bonificacións.

3.- Páxina Web.

Levamos dende o inicio do mandato electoral con promesas incumplidas . En sucesivos plenos fixemos preguntas e rogos sobre este tema e a última vez déusenos a resposta de que faltaban fotos de concelleiros/as.

Como está esta páxina?

Dna. Yolanda Vázquez Busto indica que está pendente de introducir uns cambios e que confía que a principio de curso estea operativa.

4.- Parque biosaudable do paseo.

Continúan as columnas de formigón sen ningunha modificación.

Como está o proxectos para o seu remate?



Dna. Marta Pico Machado, concelleira de Mocidade, Parques e Xardíns D. Bernardo Fernández Piñeiro di que xa está aprobado o proxecto e á espera de que chegue para quitalo a licitación. D. Bernardo Fernández Piñeiro di que falta a resolución da Deputación.

5.- Sendas peonís.

Fixeron a promesa de negociar coa Deputación para construción de sendas peonís.

En que punto están estas negociacións?

Cales serían?

O Sr. Alcalde di que no caso de Centroña xa está aprobado o proxecto, falta poñer a dispoñibilidade da Deputación os terreos, en Andrade estase á espera de redactar o proxecto e no que respecta a Ombre falta conseguir o 20% das sinaturas de cesión.

#### **REMATE DA SESIÓN**

Non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas do expresado día. Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.